



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Xullo 2020

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Xullo 2020

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 0,5% en Galicia en xullo de 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España descende un 3,7%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación aumentan un 1,8% e no Resto de produtos un 1,7%.
- As vendas minoristas aumentan en cinco comunidades autónomas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes diminúe un 1,1% en Galicia no mes de xullo de 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España o descenso é dun 5,2%.
- O índice xeral de ocupación diminúe o 2,1% en Galicia e o 3,6% no conxunto do Estado.
- A ocupación diminúe en todas as comunidades autónomas no mes de xullo.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Xullo 2020				
Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)		
		Interanual	No que vai de ano	
Xeral	118,4	0,5	-5,0	
Xeral sen estacións de servizo	119,8	1,6	-3,2	
Alimentación	109,7	1,8	4,3	
Resto	127,9	1,7	-8,5	

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	0,5	-5,0
Xeral sen estacións de servizo	1,6	-3,2
Alimentación	1,8	4,3
Resto	1,7	-8,5

1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 0,5% en Galicia en xullo de 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España descende un 3,7%.


O índice xeral sen estacións de servizo aumenta un 1,6% respecto a xullo de 2019 en Galicia mentres que descende un 3,2% en España. Desagregando por produtos:

- A Alimentación aumenta as súas vendas un 1,8% en Galicia (1,6 puntos menos que no mes anterior) mentres que diminúe un 1,7% no conxunto de España (taxa unha décima inferior á do mes anterior).
- O Resto de produtos rexistra un incremento do 1,7% en Galicia (taxa 2,5 puntos inferior á de xuño) e un descenso do 4,2% no conxunto do Estado (maior que o do mes de xuño, -1,1%).

No sete primeiros meses do ano, o índice xeral diminúe un 5,0% en Galicia e un 9,5% no conxunto de España. As vendas en Alimentación aumentan un 4,3% en Galicia e un 1,1% en España. As vendas no Resto de produtos diminúen un 8,5% en Galicia e un 15,3% no conxunto do Estado.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do -0,3%.

O gráfico mostra a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

As vendas aumentan en xullo en cinco comunidades autónomas. Os maiores incrementos danse en Asturias (2,3%), País Vasco e La Rioja (ambas 1,9%). As maiores baixadas rexístranse en Illes Balears (-14,8%) e Canarias (-13,2%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Xullo 2020

Taxas de variación en %



No que vai de ano, rexístranse descensos nas vendas en todas as comunidades autónomas. As maiores caídas rexístranse en Illes Balears (-17,3%) e Canarias (-16,3%). Os menores descensos danse en Galicia (-5,0%) e Castilla – La Mancha (-6,2%).

3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes diminúe un 1,1% en Galicia no mes de xullo de 2020, e un 5,2% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo aumenta un 1,6% en Galicia mentres que diminúe un 3,3% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un 4,0% e diminúen no Resto de produtos un 0,2%. No conxunto do Estado, as vendas en Alimentación crecen o 0,3% e no Resto de produtos diminúen o 6,0%.

Índices de comercio polo miúdo. Xullo 2020

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	118,2	-1,1	-6,2
Xeral sen estacións de servizo	120,5	1,6	-3,4
Alimentación	118,0	4,0	6,8
Resto	121,7	-0,2	-10,6

No que vai de ano, o índice xeral diminúe un 6,2% en Galicia e un 10,7% en España. As vendas en Alimentación aumentan un 6,8% en Galicia e un 3,6% en España mentres que diminúen as vendas do Resto de produtos, -10,6% en Galicia e -17,4% en España.

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación¹ amosa unha taxa de variación interanual do -2,1% no mes de xullo en Galicia e do -3,6% no conxunto do Estado.

No que vai de ano, o persoal ocupado diminúe un 0,8% en Galicia e un 1,8% en España.

5. Índices de ocupación por comunidades autónomas


A ocupación no comercio minorista diminúe en xullo en todas as comunidades autónomas. Os maiores descensos rexístranse en Illes Balears (-11,4%) e Canarias (-5,8%). As menores baixadas amósanse en Aragón (-0,9%), La Rioja (-1,4%) e País Vasco (-1,5%).

No acumulado do ano, as maiores caídas na ocupación danse en Illes Balears (-6,1%) e Canarias (-3,1%). Os menores descensos rexístranse en La Rioja (-0,3%) e Aragón (-0,6%).

¹ Nos datos de emprego hai que ter en conta que as persoas acollidas a un Expediente de regulación temporal de emprego (ERTE) seguen formando parte do persoal da empresa.

Índice xeral de ocupación. Xullo 2020

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflatores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.

- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC².

² Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Xullo 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	118,2	-1,1	-6,2	118,4	0,5	-5,0
Xeral sen estacións de servizo	120,5	1,6	-3,4	119,8	1,6	-3,2
Alimentación	118,0	4,0	6,8	109,7	1,8	4,3
Resto	121,7	-0,2	-10,6	127,9	1,7	-8,5
España						
Xeral	114,7	-5,2	-10,7	114,5	-3,7	-9,5
Xeral sen estacións de servizo	115,9	-3,3	-8,4	115,3	-3,2	-8,1
Alimentación	117,1	0,3	3,6	109,1	-1,7	1,1
Resto	115,0	-6,0	-17,4	120,7	-4,2	-15,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Xullo 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	108,9	-1,5	-6,6	107,5	-0,3	-5,1
Xeral sen estacións de servizo	110,6	0,7	-3,9	110,1	1,1	-3,3
Alimentación	110,0	4,1	6,4	102,1	1,3	3,8
Resto	112,2	-0,9	-11,5	115,3	1,1	-9,5
España						
Xeral	105,4	-5,3	-11,0	104,1	-3,9	-10,0
Xeral sen estacións de servizo	107,9	-2,9	-8,8	105,7	-2,9	-8,6
Alimentación	111,5	0,7	3,0	103,6	-1,4	0,7
Resto	105,5	-5,2	-18,2	108,2	-3,5	-16,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Xullo 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	114,7	-5,2	-10,7	114,5	-3,7	-9,5
Andalucía	113,0	-6,3	-11,5	113,3	-5,1	-10,5
Aragón	112,1	-4,0	-10,6	112,6	-2,3	-9,1
Asturias	114,1	0,0	-8,6	115,3	2,3	-6,9
Balears, Illes	125,2	-16,0	-18,4	125,1	-14,8	-17,3
Canarias	100,7	-12,6	-16,0	99,0	-13,2	-16,3
Cantabria	117,4	-3,1	-9,2	116,3	-1,8	-8,0
Castilla y León	112,9	-2,7	-11,0	112,8	-0,8	-9,7
Castilla-La Mancha	117,2	-1,0	-7,6	117,1	0,8	-6,2
Cataluña	111,2	-7,1	-12,8	109,9	-5,5	-11,6
Comunitat Valenciana	120,3	-5,1	-9,0	121,3	-3,8	-7,8
Extremadura	103,2	-3,4	-9,9	103,7	-2,3	-9,0
GALICIA	118,2	-1,1	-6,2	118,4	0,5	-5,0
Madrid	121,1	-3,0	-8,5	120,9	-1,3	-7,2
Murcia, Región de	115,1	-5,5	-11,6	115,9	-4,2	-10,7
Navarra	112,8	-2,7	-11,3	112,4	-0,9	-10,0
País Vasco	113,8	0,6	-7,6	113,2	1,9	-6,8
Rioja, La	119,2	-0,3	-8,8	119,4	1,9	-7,3
Ceuta	85,7	-19,1	-17,3	85,9	-18,8	-16,5
Melilla	88,0	-21,3	-20,9	88,4	-20,7	-20,4

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Xullo 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	103,7	-2,1	-0,8
Xeral sen estacións de servizo	103,4	-2,0	-0,8
España			
Xeral	102,9	-3,6	-1,8
Xeral sen estacións de servizo	102,8	-3,5	-1,8

Fonte: INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Xullo 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	102,9	-3,6	-1,8
Andalucía	99,3	-4,3	-2,2
Aragón	103,9	-0,9	-0,6
Asturias	104,3	-3,5	-2,2
Balears, Illes	106,6	-11,4	-6,1
Canarias	102,6	-5,8	-3,1
Cantabria	102,7	-2,6	-1,7
Castilla y León	103,7	-2,1	-1,1
Castilla-La Mancha	101,2	-2,0	-1,5
Cataluña	102,8	-3,4	-1,5
Comunitat Valenciana	108,6	-3,1	-0,7
Extremadura	100,2	-2,7	-1,7
GALICIA	103,7	-2,1	-0,8
Madrid	102,3	-3,5	-2,0
Murcia	103,4	-3,7	-2,1
Navarra	101,4	-3,4	-2,4
País Vasco	102,6	-1,5	-0,9
Rioja, La	105,5	-1,4	-0,3
Ceuta	100,3	-3,4	-1,6
Melilla	100,6	-1,9	-2,1

Fonte: INE